

**Rap, tradición e orgullo como acto de resistencia:
Rebeliom do Inframundo lanza *Bate Fado*, terceiro adianto
do seu novo disco *Orgulho*, nas rúas o 26 de febreiro**

Bate Fado (Galunk Producións, 2026) é o novo sinxelo da banda galega, que reivindica a música popular e a tradición como espazos de felicidade e comunidade fronte quen non nos deixa estar e ser, e que pode escoitarse xa nas plataformas dixitais: <https://orcd.co/batefadordi>

O *single* de *Bate Fado* ven acompañado dun videoclip que se estreou onte na canle de [YouTube](https://www.youtube.com/watch?v=UvPjU1uYkZs) da banda: <https://www.youtube.com/watch?v=UvPjU1uYkZs>

Nacidos nas rúas e locais de ensaios de Galicia hai máis dunha década, Rebeliom do Inframundo prepara a saída do seu novo álbum, *Orgulho*, para o 26 de febreiro de 2026, do que xa se coñecen os temas *Sube*, *Balas* e, agora, *Bate Fado*

A primeira parada do novo tour 'Orgulho 2026' de Rebeliom do Inframundo en Galicia terá lugar na Sala Capitol de Compostela o venres 8 de maio, tralo seu paso por cidades como Barcelona, Bilbao e Madrid, coas [entradas xa á venda](#)



Rebeliom do Inframundo presenta *Bate Fado*, un novo adianto do disco *Orgulho*, que verá a luz o 26 de febreiro © Alberto Lora

Galicia, 30 de xaneiro de 2026.- Rebeliom do Inframundo lanza o sinxelo *Bate Fado* (Galunk Producións, 2026), unha canción que aparece como un berro de liberación e afirmación colectiva antes da chegada do seu novo álbum, *Orgulho*, previsto para o 26 de febreiro.

Bate Fado é resistencia, orgullo e raíces. Nace do afogo cotián; é un tema que espanta os demos, a crítica, a ira e o medo a arder no lume alleo. Neste terceiro adianto de *Orgulho*, Rebeliom do Inframundo volve poñer o corpo e a voz para lembrar que a vida é nosa e só nós decidimos sobre ela. O dedo acusador rómpese cando se atreve a sinalar.

O tema reivindica tamén a música popular e a tradición como espazos de felicidade e de comunidade. Fronte ao estrés, á presión, á ansiedade e á depresión que atravesamos a cada vez máis xente, *Bate Fado* propón xusto o contrario: cantar, sorrir, unirse, celebrar o que somos. Tradición e orgullo como resposta política e emocional.

Musicalmente, o sinxelo volve amosar a identidade de Rebeliom do Inframundo: un rap cru e combativo que dialoga coa electrónica e coas raíces galegas, reforzando un discurso que mira de fronte á realidade sen baixar a cabeza.

O *single Bate Fado* (Galunk Producións, 2026) está xa dispoñible para a súa escoita nas plataformas dixitais: <https://orcd.co/batefadordi>

BATE FADO: TRADICIÓN E ORGULLO CONTRA QUEN NON NOS DEIXA SER



Nervo, voz de Rebeliom do Inframundo, reflexiona sobre o novo sinxelo da banda: "*Bate Fado* é unha canción que amosa o sentir que temos moitos e moitas nestes tempos nos que o traballo semella afogarnos; tempos nos que parece que nada ten saída e onde non nos deixan ser, non nos deixan respirar, non nos deixan ver. Só, unicamente, cando eles queren. É soltar esas ganas de dicir que non nos gusta ou, a min en concreto, non me gusta nada como está montado isto. Estamos sufrindo e esquecendo quen somos e que queremos ser realmente, que é o que nos fai felices".

REBELIOM DO INFRAMUNDO

E engade: "Por iso tamén o retrouso de *Bate Fado*: porque, neste caso, a min, as cancións populares fanme feliz, e fan feliz a moita xente. E isto é un pouco, falando mal e claro, mandar á merda todo iso que nos mete estrés, presión, ansiedade, caídas en depresión de moita xente, cada vez máis... *Bate Fado* é todo o contrario: é felicidade, é cantar, é sorrir, é unidade, é estar xuntas e xuntos, é por en valor a tradición e o orgullo".

O sinxelo vén acompañado dun videoclip, cuxa estrea tivo lugar onte na [canle de YouTube](#) da banda: <https://www.youtube.com/watch?v=UvPjU1uYkZs>

Tour 'Orgulho' 2026

 Primeiras datas en salas:

- 📍 V. 06 marzo ~ BARCELONA ~ @lautconcert
- 📍 S. 28 marzo ~ BILBAO ~ @d8_sorkuntza_faktoria
- 📍 S. 18 abril ~ VALLEKAS, MADRID ~ @salalatrinchera
- 📍 V. 08 maio ~ SANTIAGO DE COMPOSTELA ~ @salacapitol

 **ENTRADAS XA DISPONIBLES AQUÍ EN WOUTICK** 

<https://woutick.com/es/listado/rebeliom-do-inframundo-orgulho-tour-2026>

REBELIOM DO INFRAMUNDO, MÁIS DUNHA DÉCADA DE MÚSICA DESDE A TRINCHEIRA

Nacidos nas rúas e nos locais de ensaio de Galiza, Rebeliom do Inframundo leva máis dunha década facendo da música unha trincheira e unha celebración. Nervo, Malvares, Frank Huxley, Busto e DJ Pol forman unha alianza que vai máis alá do rap: é unha actitude, unha maneira de entender o mundo.

O seu son bebe do rap hardcore e da electrónica, pero tamén das raíces galegas e da forza dun pobo que nunca baixa a cabeza. Cada tema é un retrato entre o amor e a rabia, entre o orgullo e a ferida.

Dende *Caladas Reflexivas* ata *Amor ou Barbárie*, pasando por *Lume e Rebeliom* e *Ilegal*, a banda medrou sen traizoar o seu camiño. Hoxe, Rebeliom do Inframundo non é só unha referencia musical: é un símbolo dunha xeración que loita, crea e berra sen pedir permiso.

REBELIOM DO INFRAMUNDO

A banda afronta 2026 cunha forza incontestable... cara a publicación do seu novo álbum, orgullo, que verá a luz a finais de febreiro deste ano, e do que xa se coñecen adiantos como *Sube* e este novo sinxelo *Bate Fado*.

Rebeliom vive o seu mellor momento, co respaldo dun público que enche salas e corea cada verso coma se formase parte da banda. Non precisan grandes campañas nin filtros; a súa verdade corre de boca en boca, como corren as boas cousas cando son reais.

No último ano esgotaron entradas en espazos emblemáticos como a Sala Capitol de Compostela –800 persoas entregadas– e confirmaron o que xa se intuía: Rebeliom é unha das bandas máis sólidas e respectadas da escena galega actual.

O seu directo é un estoupido de enerxía, mestura de rap, electrónica e tradición galega, que converte cada concerto nunha experiencia colectiva. É un grupo de xente para a xente, cun discurso propio e unha ética de traballo que fala de verdade, comunidade e resistencia. Eles non seguen a moda, créana.

CONTACTO DE PRENSA

The Office Comunicación

Luisa Castiñeira y Pilar González

Tel. 620 113 155 | 627 094 931

luisa@theofficeco.es | pilar@theofficeco.es

BOOKING REBELIOM DO INFRAMUNDO

Galunk Produccións

lora@galunk.com | 722 85 59 90

carles@galunk.com | 722 85 61 06

KIT DE PRENSA REBELIOM DO INFRAMUNDO

<https://cutt.ly/PRESS-KIT-Rebeliom-do-Inframundo>

LIGAZÓN DE ESCOITA DO SINXELO 'BATE FADO'

<https://orcd.co/batefadordi>

VIDEOCLIP DE 'BATE FADO'

<https://www.youtube.com/watch?v=UvPjU1uYkZs>